



# TROFEO DE ENTROIDO EN PISTA CELTA ATLETISMO

## ATLETISMO EN PISTA EN IDADE ESCOLAR

### REGULAMENTO

#### ARTIGO 1. Organizadores e obxectivos.

O **Real Club Celta de Atletismo**, **Club Atletismo Femenino Celta** e a **Escola Celta Atletismo**, co patrocinio da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Pontevedra, Abanca, Socios Colaboradores do Grupo Celta Atletismo e a colaboración da Federación Galega de Atletismo e o Comité Galego de Xuíces, organizarán conxuntamente o **“TROFEO DE ENTROIDO EN PISTA CELTA ATLETISMO”**.

Será unha competición na que os nenos e nenas inscritos desfrutarán dunha gran xornada de atletismo en pista o mesmo tempo que desfrutan da festividade do Entroido cos seus compañeiros e familia. Atletismo, Entroido e diversión xuntos nesta novidosa iniciativa.

#### ARTIGO 2. Data e instalación.

O **“TROFEO DE ENTROIDO EN PISTA CELTA ATLETISMO”** terá lugar o vindeiro sábado 6 de febreiro a partir das 10:00 horas na Pista Municipal de Atletismo de Balaidos (Vigo).

#### ARTIGO 3. Control técnico da proba.

A competición estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial.

#### ARTIGO 4. Inscripcións.

Poderán participar todos aqueles nenos e nenas de clubs e centros escolares con licenza federativa ou licenza escolar en vigor para as categorías que van dende benxamín a cadete, exceptuando a categoría pre-benxamín.

A inscricións para os **atletas federados** faranse a través do sistema online da web da RFEA: <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do 4 de febreiro.

Para os **atletas con licenza escolar** (dados de alta na plataforma Xogade pero non federados) e os **atletas de categoría pre-benxamín**, a inscrición farase enviando un correo electrónico a [rcatletismo@hotmail.es](mailto:rcatletismo@hotmail.es), indicando: nome e apelidos, data de nacemento e DNI do atleta; máis o nome, apelidos e DNI do titor, xunto cun teléfono de contacto, tamén ata as 20:00 horas do 4 de febreiro.



# TROFEO DE ENTROIDO EN PISTA CELTA ATLETISMO

## ATLETISMO EN PISTA EN IDADE ESCOLAR

### ARTIGO 5. Entrega do dorsal.

Os dorsais serán facilitados pola organización. Recolleranse na zona de secretaría o mesmo día da competición, con 40 minutos de antelación sobre a proba na que se participe. Entregarase un único dorsal que irá colocado na parte dianteira da camiseta totalmente visible.

### ARTIGO 6. Categorías de competición e programa de probas.

| CATEGORÍAS   | ANO DE NACEMENTO | PROBAS (1)                     |
|--------------|------------------|--------------------------------|
| PRE-BENXAMIN | 2009 - 2010      | 50 m e lonxitude (2)           |
| BENXAMÍN     | 2007 - 2008      | 50 m, 500 m, lonxitude e peso  |
| ALEVÍN       | 2005 - 2006      | 60 m, 1000 m, altura e peso    |
| INFANTIL     | 2003 - 2004      | 60 m, 1000 m, altura e peso    |
| CADETE       | 2001 - 2002      | 60 m, 1000 m, lonxitude e peso |
| ABSOLUTA     | 2004 en diante   | Pértega                        |

(1) Cada atleta só poderá inscribirse nunha carreira e nun concurso como máximo.

(2) Probas non oficiais o non ter licenza escolar ou federativa.

### ARTIGO 7. Sistema de cronometraxe.

Haberá cronometraxe eléctrica controlada polo comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

### ARTIGO 8. Premios.

Entregaranse medallas os tres primeiros clasificados de cada categoría.

### ARTIGO 9. Servizos médicos:

A proba disporá de servizos médicos regulamentarios. Tódolos atletas participantes estarán cubertos polo Seguro de Accidente Deportivo da Federación Galega de Atletismo. No caso dos atletas en categoría pre-benxamín estarán cubertos por un Seguro de Accidente Deportivo específico distinto ó da Federación Galega de Atletismo.



# TROFEO DE ENTROIDO EN PISTA CELTA ATLETISMO

## ATLETISMO EN PISTA EN IDADE ESCOLAR

### ARTIGO 10. Reclamacións:

Todas as reclamacións deberán facerse verbalmente ao xuíz árbitro da competición, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán colocados no taboleiro oficial da organización.

### ARTIGO 11. LOPD:

Todos os atletas, ao realizar a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet.

### ARTIGO 12. HORARIO E PROGRAMA DE PROBAS (VER ANEXO 1):

### ARTIGO 13:

Todo o reflectido no presente regulamento rexerese polas normas vixentes da FGA, RFEA e IAAF.



*Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o atleta consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así coma a xestión da licenza de día e o ranking galego de Pista ao Aire Libre. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 – 15008. A Coruña.*





# TROFEO DE ENTROIDO EN PISTA CELTA ATLETISMO

ATLETISMO EN PISTA EN IDADE ESCOLAR

## ANEXO 1. HORARIO E PROGRAMA DE PROBAS:

| CARREIRAS (3)               | HORA  | CONCURSOS  |
|-----------------------------|-------|--|
| 60 m. CADETE MULLERES       | 10:00 | ALTURA ALEVÍN M – H (4) / PESO INFANTIL M – H        |
| 60 m. CADETE HOMES          | 10:15 | PÉRTEGA ABSOLUTA MIXTA 1 (5)                         |
| 60 m. INFANTIL MULLERES     | 10:30 |  |
| 60 m. INFANTIL HOMES        | 10:45 |  |
| 60 m. ALEVÍN MULLERES       | 11:00 | LONXITUDE PRE-BENXAMÍN M – H (6) / PESO CADETE M – H |
| 60 m. ALEVÍN HOMES          | 11:15 |  |
| 50 m. BENXAMÍN MULLERES     | 11:30 | PÉRTEGA ABSOLUTA MIXTA 2 (7)                         |
| 50 m. BENXAMÍN HOMES        | 11:45 | LONXITUDE CADETE M – H/                              |
| 50 m. PRE-BENXAMÍN MULLERES | 12:00 | ALTURA INFANTIL M – H / PESO ALEVÍN M – H            |
| 50 m. PRE-BENXAMÍN HOMES    | 12:15 |  |
| 500 m. BENXAMÍN M - H       | 12:35 |  |
| 1000 m. ALEVÍN M - H        | 12:45 |  |
| 1000 m. INFANTIL M - H      | 13:00 | LONXITUDE BENXAMÍN M – H / PESO BENXAMÍN M – H       |
| 1000 m. CADETE M - H        | 13:15 |  |
|                             | 13:30 | ENTREGA DE PREMIOS                                   |

(3) **INSCRICIÓN.** Cada atleta só poderá inscribirse nunha carreira e nun concurso como máximo.

(4) **CADENCIA ALTURA.** Alevín, inicio en 0.70 cm e cadencia de 5 cm en 5 cm. Infantil, inicio en 0.80 cm e cadencia de 5 cm en 5 cm.

(5) **PÉRTEGA 1.** Proba absoluta. O listón situarase en 2.25 e subirá de 10 en 10 cm.

(6) **LONXITUDE.** Táboa de 1 metro para as categorías pre-benxamín e benxamín. Táboa de 3 metros para a categoría cadete.

(2) **PÉRTEGA 2.** Proba absoluta. O listón situarase en 3.45 e subirá de 10 en 10 cm.